



MODELO DE ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN. CURSO 2019-2020. CEIP DE CAMELLE



ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN.
2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.
3. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.
 - 3.1 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS.
4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE.
 - 4.1 ACTIVIDADES.
 - 4.2 METODOLOXÍA.
 - 4.3 MATERIAIS E RECURSOS.
5. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE



1. XUSTIFICACIÓN

Como indican as **Instrucións do 27 de abril de 2020**, da **Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20**, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, durante o terceiro trimestre os centros docentes continuarán coa atención educativa ao alumnado, desenvolvendo actividades que lles permitan aos alumnos e alumnas manterse incorporados á aprendizaxe continua e suscitar o seu interese por aprender, de modo non presencial ou, de ser o caso, presencial, en función das recomendacións que diten as autoridades sanitarias. Ditas actividades estarán adaptadas á idade e características do alumnado, así como á situación excepcional que están a vivir.

Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do alumnado. Na medida do posible deseñaranse actividades globalizadoras e interdisciplinares, debidamente titorizadas, promovendo o traballo colaborativo entre os equipos docentes das distintas áreas e materias nas etapas, ciclos ou ensinanzas en que sexa posible.

Por este motivo e no caso do noso centro, faise necesaria unha adaptación da programación didáctica das ensinanzas correspondentes ao 2º ciclo de Educación Infantil.



2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.

Trátase dun centro que imparte as ensinanzas do segundo ciclo de Educación Infantil, reguladas éstas pola **Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de educación** (modificada parcialmente pola **Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa**) así como polo **Decreto 330/2009 de 4 de xuño polo que se establece o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia**, motivo polo que neste documento non falamos de Estándares de Aprendizaxe, senón de Criterios de Avaliación.

En orde co recollido nas **Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia**, a avaliación e cualificación adaptárase tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo **Real Decreto 463/2020**, sempre e cando beneficie ao alumnado.

4º EDUCACIÓN INFANTIL
ÁREA DE COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL
<ul style="list-style-type: none"> - Sinalar correctamente partes e detalles do corpo (talón, pestanas, unas...). - Nomear as partes do corpo sobre sí mesmo e as outras persoas. - Coordinar movementos na realización de exercicios físicos. - Progresar no control dos seus sentimentos e emocións. - Situar e localizar obxectos en diferentes posicións espaciais.



- Entender e seguir as consignas que se lles dan.
- Concentrarse un tempo nas actividades.
- Participar nas actividades que se lles propoñen

ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO

- Realizar exploracións e experimentacións cos materiais que se lles ofrecen.
- Agrupar obxectos atendendo á posesión dalgún atributo.
- Realizar series sinxelas seguindo un criterio dado.
- Asociar números coas cantidades representadas.
- Recoñecer algunhas figuras xeométricas (triángulo, cadrado, rectángulo...).
- Diferenciar nocións temporais día-noite.
- Formular interrogantes e buscar explicacións aos mesmos.
- Asumir as responsabilidades que se lles asignan.
- Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas.

ÁREA DE LINGUAXES COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Narrar feitos e situacións vividas.
- Incorporar ao vocabulario palabras novas.
- Empregar frases de construción sinxela.
- Comprender a idea central dunha explicación.
- Percibir semellanzas e diferenzas entre palabras atendendo a propiedades cualitativas e cuantitativas.
- Participar nos xogos lingüísticos que se propoñen.
- Amosar interese e participar nas actividades plásticas que se lles propoñen.
- Participar na interpretación de cancións e xogos musicais.



- Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículos de expresión e comunicación.

5º EDUCACIÓN INFANTIL

ÁREA DE COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Controlar o corpo en movemento adaptando a resposta motriz ás dimensións e elementos do espazo.
- Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.
- Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade.
- Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas, valorando positivamente a diversidade.
- Verbalizar as súas percepcións.
- Progresar no control dos seus sentimentos e emocións.
- Situar e localizar obxectos en diferentes posicións espaciais.
- Solucionar os pequenos problemas da vida cotiá.

ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO

- Realizar exploracións e experimentacións cos materiais que se lles ofrecen.
- Ordear obxectos empregando diferentes criterios.
- Coñecer a serie numérica.
- Empregar a acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico.
- Resolver problemas sinxelos relacionados con situacións cotiás.
- Coñecer e representar as formas xeométricas básicas.



- Formular interrogantes e buscar explicacións aos mesmos.
- Asumir as responsabilidades que se lles asignan.
- Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas.
- Empregar e comprender nocións temporais básicas ordeando temporalmente feitos referidos a súa vida cotiá.

ÁREA DE LINGUAXES COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Narrar feitos e situacións vividas.
- Incorporar ao seu vocabulario palabras novas.
- Presentar unha linguaxe fluída.
- Comprender ordes complexas que implican dúas ou tres accións consecutivas.
- Asociar producións escritas con significados.
- Percibir semellanzas e diferenzas entre palabras atendendo a propiedades cualitativas e cuantitativas.
- Expresarse e comunicarse empregando diferentes, materiais, técnicas e recursos propios das linguaxes artísticas.
- Participar na interpretación de cancións e xogos musicais.
- Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículos de expresión e comunicación.

6º EDUCACIÓN INFANTIL

ÁREA DE COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Describir características e circunstancias persoais.
- Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas diferentes partes.



- Construír unha imaxe positiva propia, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.
- Controlar o corpo en movemento, adaptándose ás dimensións e elementos do espazo.
- Manter o equilibrio estático: sobre un pé, nas puntas...
- Manter o equilibrio nos desprazamentos e saltos.
- Verbalizar as súas percepcións.
- Progresar no control dos seus sentimentos e emocións.
- Organizarse de xeito autónomo nas actividades que se lles propoñen.

ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO

- Reunir diversos obxectos de xeito diferente, cambiando os criterios de agrupamentos.
- Facer comparacións a partir de semellanzas e diferenzas.
- Coñecer a serie numérica.
- Escribir os números convencionalmente.
- Empregar a acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico.
- Representar as formas xeométricas básicas.
- Asociar as figuras xeométricas básicas coas formas presentes na contorna.
- Manter unha actitude observadora cara os elementos do medio.
- Formular interrogantes e buscar explicacións aos mesmos.
- Participar nas pequenas investigacións que se lles propoñen.
- Asumir as responsabilidades que se lle asignan.
- Achegarse ao coñecemento dos sucesos relevantes da comunidade.

ÁREA DE LINGUAXES COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN



- Expresar con espontaneidade e coherencia emocións, sentimentos e vivencias.
- Empregar con precisión o vocabulario que posúe.
- Comprender ordes complexas que impliquen dúas ou tres accións consecutivas.
- Asociar producións escritas con significados.
- Empregar convenientemente a linguaxe oral para unha comunicación positiva con iguais e coas persoas adultas.
- Asociar producións escritas con significados.
- Facer uso da escrita para transmitir información.
- Empregar a escrita en situacións contextualizadas e reais.
- Expresarse e comunicarse empregando diferentes, materiais, técnicas e recursos propios das linguaxes artísticas.
- Amosar orixinalidade na súa expresión plástica.
- Participar na interpretación de cancións e xogos musicais.
- Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículos de expresión e comunicación.

No que respecta ás competencias imprescindibles, recordemos que tanto a **LOE** como o **Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da E.I. na Comunidade Autónoma de Galicia**, establecen oito competencias básicas que o alumnado debe desenvolver e acadar ao longo do ensino básico:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática.
- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.
- Tratamento da información e competencia dixital.



- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

A inclusión destas competencias básicas nesta programación posúe principalmente tres finalidades:

- Integrar os distintos aprendizaxes, tanto os formais, incorporados ás distintas áreas ou materias, como os non formais.
- Permitir a todos os nenos/as integrar as súas aprendizaxes, poñelas en relación con distintos tipos de contidos e empregalas de xeito efectivo cando lle resulten necesarias en distintas situacións e contextos da súa vida, é dicir, que sexan funcionais e prepararlos así, dende cativos/as para un mundo cambiante, relacionándonos deste xeito coa aprendizaxe significativa.
- Orientar o ensino ao permitir identificar os contidos e criterios de avaliación que posúen un carácter imprescindible e en xeral, inspirar as distintas decisións relativas ao proceso de ensino-aprendizaxe.



3. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Tal e como se recolle na **Orde de 25 de xuño de 2009 pola que se establece a implantación, desenvolvemento e avaliación do segundo ciclo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia**, a avaliación constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida á obter datos que faciliten a toma de decisións encamiñadas ao avance dos procesos de ensinanza-aprendizaxe.

A avaliación deberá ser obxectiva, axeitada, medible e clara. Ademais, terá un carácter global, continuo e formativo: global porque se avalía todo o proceso, continua porque se avalía en todo momento e formativa, para aprender dos erros e introducir as modificacións necesarias sempre con ánimo de mellora.

3.1 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS

Tendo en conta o recollido nas **Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia**, a avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo en todas as etapas, ciclos e ensinanzas, para valorar os avances realizados e os atrasos que se puidesen producir, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso. Para facer isto posible, empregarei unha serie de instrumentos de avaliación:

- Análise dos traballos do alumnado. Nalgunhas ocasións os traballos enviados ao alumnado serán enviados de volta por parte das familias, servíndome así para valorar o grao de adquisición dos obxectivos propostos.



- Comunicación coas familias. As comunicacións coas familias permiten obter información sobre aspectos relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe. Debido as circunstancias excepcionais nas que se está desenvolvendo o terceiro trimestre, a información obtida a partir das conversas coas familias cobra especial relevancia no proceso de avaliación.
- Diario de aula. Diariamente irei anotando as dificultades atopadas, os logros obtidos e a súa relación cos logros propostos, así como outra información que poida resultar de interese.
- Lista de control na que rexistro a ausencia ou presenza da conduta, rasgo ou secuencia de accións que pretendo avaliar.
- Cuestionarios ás familias. Recollerán datos sobre o traballado nos fogares.
- Conversas co alumnado. Empregando Skype, Jitsi meet, ou Whatsapp e chamadas telefónicas.

4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

4.1 ACTIVIDADES

Realízanse actividades de temática variada tratando así de que todo o alumnado poida seguir o ritmo da aula. Algunhas das actividades que se realizan son:

- Proxecto “O Universo”. De acordo coas nenas e nenos propónse un proxecto guiado no que se combina o traballo de investigación, traballo de aproximación á lecto escritura, lóxico matemática, plástica, musical e psicomotriz. Para desenvolver este proxecto o alumnado, conxuntamente coas súas familias, converterase en investigador e deberá ir buscando información sobre os diferentes temas que se lle van presentando para poder facer as actividades impresas que se lle irán enviando. Estas actividades impresas incluírán todo tipo de contidos: asociación gráfica-cantidade, seriacións, crebacabezas,



formas xeométricas, serie numérica, curiosidade polo medio, escoita de contos e adiviñas relacionadas co centro de interese, realización de grafos, emprego de vocabulario novo relativo ao tema, realización de obras plásticas con diferentes materiais e técnicas...

- Experimentos. Envío semanal de propostas de experimentos nos que teñen que formular hipóteses sobre diferentes temas (capilaridade, flotación...). Despois, realizan o experimento proposto e finalmente extraen a conclusión. Os experimentos fotografíanse para despois facermos chegar a min mediante Whatsapp ou correo electrónico.
- Retos. A través dos retos que se lles propoñen semanalmente traballan destrezas de motricidade fina e grosa, educación artística (plástica e musical), solución de problemas da vida diaria, fomento da ecoloxía...
- Apps. Buscando aproximar ao alumnado ás Tecnoloxías da Información e da Comunicación, recomendáselles semanalmente unha app na que a través de xogos se traballan diferentes contidos do currículo: memoria, lecto – escritura, lóxico – matemática.
- Conmemoracións. Para traballar as conmemoracións do 3º trimestre recollidas na **Orde de Calendario Escolar** (Semana do libro, Día do Acoso Escolar, Día de Europa, Semana das Letras Galegas, Día Mundial do Medio Ambiente). Algunhas destas conmemoracións son traballadas de xeito conxunto coas outras cinco escolas unitarias.
- Actividades de psicomotricidade: contos psicomotrices, vídeos de loga para nenos, circuitos divertidos...
- Actividades musicais (cancións, audicións, etc.) nestas actividades tamén se lles propoñen as que por Streaming están a desenvolver artistas como: Paco Nogueiras, Uxía Lambona e a banda Molona....



- Actividades de Lingua inglesa, a través de cancións, vídeos, etc.
- Actividades de educación emocional. Realización diaria da rutina “O tarro das noticias positivas do día”, no que tódolos días, antes de rematar o día, o alumnado deberá rexistrar nun papel algo bo que lle ocorrera durante o día, rexistralo ca data e gardalo nun bote.
- Actividades de ampliación e reforzo. De temática variada en función das necesidades do alumnado.

4.2 METODOLOXÍA

Ao inicio do trimestre informo ás familias, sobre a organización do traballo do trimestre que comezamos.

Propoño un proxecto guiado (tal e como expliquei anteriormente) que preparo en conxunto cos compañeiros e compañeiras das escolas unitarias do concello de Vimianzo (Carnés, Castromil e Carantoña) e Traba que durante todo o curso estivemos a colaborar conxuntamente.

O material faise chegar ás familias a través do correo electrónico (fichas de actividade, información sobre o universo, enlaces de interese para buscar información, etc), grazas ao Concello de Camariñas que imprime gratuitamente estes materiais e entrégaos ás familias, todas as nenas e nenos de Camelle teñen o material necesario para poder realizar as actividades.

Semanalmente fago unha explicación do traballo que se vai realizar, marcando e pautando diariamente o traballo a través de Whatsapp, e as nenas e nenos van realizándoo ao longo do día, enviándome todo tipo de vídeos, fotos, audios...

Outros materiais que se van aportando de maneira periódica ás familias son enlaces de páxinas web interesantes que profundizan ou explican os temas a tratar, etc, están recompilados entre os



5 titores (das unitarias anteriormente nomeadas) e as dúas especialistas de Lingua Inglesa, nun Drive dinámico que está en constante modificación para poder enriquecelo con novas propostas.

https://drive.google.com/drive/u/0/folders/1CQ_____tBfMDtdcPY60l3JoG1qS3r4lXs9XAB

Todos os meus alumnos e alumnas (as familias) teñen conectividade e son activos participando nas actividades e propostas que lles plantexo.

O sistema de comunicación co meu alumnado é sempre a través das familias, e as canles empregadas para tal fin son:

- Grupo de Whatsapp
- Correo electrónico
- Webex

A través das mesmas canles as familias fanme chegar fotos e vídeos dos traballos que están a desenvolver os nenos e nenas.

4.3 MATERIAIS E RECURSOS

Os **recursos humanos** cos que conta o centro son:

- Mestra titora e responsable do CEIP de Camelle.
- Orientadora (compartida).
- Especialista en lingua inglesa
- Especialista en relixión.
- Familias .

No tocante aos **materiais didácticos**, fárase uso de:



- Materiais impresos. Como comentaba anteriormente, ás familias proporcionaselle un cuaderno pdf ao inicio do trimestre con todo o necesario para o traballo. Tamén se lles fai chegar materiais ilustrativos e informativos de creación propia.
- Material audiovisual. Nesta categoría engóbanse:
 - Recursos atopados na web.
 - O drive das 5 escolas unitarias, funcionando éste como un banco de recursos.
 - Enlaces a páxinas web interesantes
 - Enlaces a vídeos, cancións, etc, que se relacionan co que estamos a traballar.
 - Aplicacións interesantes como:
 - <https://play.google.com/store/apps/details?id=com.robotifun.tangram>
 - <https://play.google.com/store/apps/details?id=air.educaplanet.grin.leo1.full>
 - <https://play.google.com/store/apps/details?id=com.cuentaCuentos>
 - https://play.google.com/store/apps/details?id=com.edujoy.Kids_Memory

5. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Da modificación da programación dárse coñecemento a toda a comunidade educativa, quedando unha copia desta no centro para todas aquelas persoas que a queiran consultar. Do mesmo xeito, tamén se informará ás familias enviando unha copia por correo electrónico.

Finalmente, daráselle publicidade mediante unha publicación na páxina web do centro.